

Muller xunto a muller: o lesbianismo na literatura galega

SORAYA DOMÍNGUEZ PORTELA
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo:

A homosexualidade, a pesar dos avances na igualdade de dereitos no ámbito legal, na sociedade galega continúa sendo unha escolla que marxina, e cando esta é feminina, entón a marxinação agudízase. Neste traballo, a través de catro textos narrativos, tentamos afondar na visión que ten a sociedade sobre o lesbianismo; porque a literatura, coma calquera produto cultural feito nun determinado momento histórico e dentro dunha sociedade concreta, funciona como espello do contexto en que foi creada a obra. Esta é a tese que defendemos e a estratexia investigadora que utilizaremos, xa que non faremos en ningún momento unha valoración literaria dos textos narrativos que configuran o noso *corpus*, senón que realizaremos unha revisión do que contan —e do que non contan— como tradución dos valores da sociedade galega a respecto da(s) visión(s) que esta presenta sobre o que é o lesbianismo e o que significa ser lesbiana en Galicia.

Palabras clave: lesbianismo, xénero, campo literario, socioloxía, narrativa

Abstract:

Despite the legal progress in the equality of rights during the last decades, in today's Galician society homosexuality is still an option that marginalises, especially in the case of women. In this paper we will analyse in four narrative texts the image of lesbianism in Galicia. Like any cultural product of any historical moment, literature reflects the social context in which the work has been created. Consequently, we will not judge the text's literary value, but study how lesbianism, and the way it is perceived by Galician society, is being represented in these texts.

Key words: Lesbianism, genus, literary field, Sociology, narrative

A presente intervención neste IX Congreso Internacional da AIEG ten como obxectivo achegarnos ó tratamento que se lle dá ó lesbianismo na literatura galega, con vistas a utilizar os produtos culturais como espello da sociedade en que son producidos. Non nos interesa facer un achegamento analítico a unha serie de textos concretos, neste caso narrativos, dende unha perspectiva puramente literaria, senón revisalos dende un ollar sociolóxico e atopar neles o reflexo da comunidade galega no referido á visión que hai nela desta opción sexual-vital.

Os textos sitúanse todos eles na época democrática. As razóns da escolla deste marco temporal están, por un lado, na proximidade co momento actual, pois procuramos unha análise da sociedade galega presente, e, polo outro, no profundo cambio que podemos observar a partir de 1975 na produción literaria galega, o que dificulta tomar coma un todo os textos de antes e despois desta fronteira simbólica. Esta mudanza é, seguindo palabras de Carmen Blanco, especialmente intensa na literatura de creación de muller:

[Houbo un] cambio de rumbo que se pode percibir na literatura feminina en torno a 1975. Durante os anos 60, o obxectivo das creadoras fora igualarse literariamente ós homes -proba desto é A orella no buraco-. Agora o obxectivo é mostrar unha perspectiva propia, deixar libre a diferenza do femenino: procurar un punto de vista de muller; a través da búsqueda dunha linguaxe específica e uns temas significativos neste sentido (Carmen Blanco, 1986: 26).

Os textos escollidos son *Ten o seu punto a fresca rosa* (TPFR), de María Xosé Queizán; «Lobosandaus» (LBS), de X. Luís Méndez Ferrín; *Precipicios* (PRP), de Beatriz Dacosta e *Unha puta percorre Europa* (PPE), de Alberto Lema.

1. REPASO A ALGÚNS CONCEPTOS TEÓRICOS

Antes de entrar no que é propiamente o traballo —a análise do tratamento do lesbianismo na narrativa galega—, considero necesario o repaso de dous conceptos teóricos que regulan esta investigación: lesbianismo e literatura lesbiana.

1.1. Teorizar sobre o lesbianismo

Ó redor do lesbianismo estableceuse toda unha teorización que se viu e se ve claramente regulada por dous tipos de condicionantes: en primeiro lugar, a mestura ou a estreita vinculación con outros posicionamentos teóricos que desdubuxan a consideración do lesbianismo como obxecto en si e, en segundo, o carácter marxinal desta teorización producido pola propia marxinalidade do seu tema de reflexión.

O pensamento lesbiano defínese como unha postura de resistencia e, como tal, adoita facerse simultánea ou conxuntamente con outras que contan coa mesma consideración social. O anticapitalismo, a loita contra as desigualdades raciais, a xustiza social, a ecoloxía, o feminismo... son todos posicionamentos que se interligan co lesbianismo polo feito de

compartiren a súa situación marxinal, antisistema. Esta mestura fai que en moitos casos a propia reflexión lesbiana perda identidade ou se esfume. Exemplos disto vense nos textos de grupos prolesbios coma Maribolheras Precárias, fortemente implicados con todos estes movementos citados, ós que lles engaden a defensa nacional galega, e nos textos narrativos que son obxecto de estudo neste traballo, onde, alén do lesbianismo, aparecen outras temáticas de denuncia coma a prostitución (en PPE), a violencia do patriarcado (en TPFR), a superstición (en LBS), o papel da vellez na sociedade actual (en PRP), etc.

De todos os xeitos, a vía de pensamento en que é máis habitual a confluencia co lesbianismo é o feminismo: son dous conceptos que se entrelazan estreitamente, e non só no imaxinario popular dos anos 70, onde as feministas eran definidas despectivamente como lesbianas, senón que a fusión xorde nos textos teóricos de todas as épocas sempre que se fala de lesbianismo. No entanto, lesbiana e feminista non son sinónimos perfectos (como tampouco lesbiana e comunista, antirracista, e ecoloxista), xa que nin ser feminista trae consigo ser lesbiana, nin tampouco ser lesbiana vén anexo a ser feminista, como o demostran as miles de mulleres que levan unha dobre vida na que a dignidade do seu xénero non é un obxecto de preocupación. Da mesma maneira, a respecto das teorizacións feministas e lesbianas, volve-mos encontrar unha falta de coincidencia, xa que o segundo podería ser entendido como unha minoría dentro do primeiro ó centrarse nun subgrupo de mulleres; porén, na realidade a situación é máis complexa, posto que a teorización do lesbianismo susténtase no derrubamento dun dos principios base do feminismo clásico.

O feminismo da primeira e segunda ondas dividen o mundo en dous xéneros: masculino e feminino (Suárez Briones, 2005: 23). A partir desa distinción reflexiónase sobre os roles sociais impostos, as inxustizas e as desigualdades padecidas por un deses xéneros, o feminino; polo tanto, apóianse na igualación de identidade e xénero. Esta identificación mantense na actualidade como un modo de clasificar os seres humanos tamén na ciencia. Así, encontramos estudos, como o da neurobióloga Louann Brizendine da Universidade de California, en que se defende un diferente comportamento do cerebro segundo o sexo do individuo ante os estímulos exteriores¹.

No entanto, por outro lado, esta división absoluta da humanidade en dous grandes tipos encontrou cedo os seus cuestionamentos na propia diversidade cultural humana. Exemplos como as mulleres-home de Polonia —rapazas que, por diferentes razóns contextuais, escollían tomar o rol masculino e abandonaban a súa condición de mulleres, e a comunidade asumía esa mudanza— e a distribución de funcións por sexos en certos pobos indíxenas radicalmente oposta á tradición occidental —como é o caso dos homes tchambouli, dedicados ás tarefas da maquillaxe e a decoración persoal e absolutamente excluídos das tarefas prácticas e administrativas— son algúns dos contraargumentos á equivalencia incuestionable de identidade e xénero. Demóstrase que non só o xénero, senón ademais a materialidade do sexo constrúese e estabilízase a través da repetición ritual de normas (Simone de Beauvoir, 2008). Nesta liña

¹ Véxase o programa *Redes* da TVE, 26 abril 2009.

argumental sitúanse as teorías *Cyborg* (Donna Haraway, 1991) e *Queer* (Judith Butler, 1990). Nelas destrúese o principio de división do mundo en dous únicos tipos humanos, e incluso, en heterosexuais, homosexuais, bisexuais e transexuais: avógase pola individualidade, pola defensa de tantos tipos humanos como persoas somos.

En definitiva, a equivalencia entre identidade e xénero, na que se sustenta o feminismo tradicional, desaparece coa teorización do lesbianismo, o que produciu que dende este momento algunhas autoras falen da terceira onda (Andrea Biswas, 2004) ou dun posfeminismo (Elyce Helford, 2005) baseado nesa idea: a defensa da identidade individual sen necesidade de caixas mestras clasificadoras.

Se antes definimos o lesbianismo como unha teorización de resistencia que se contaxia da invisibilidade do seu obxecto de estudo; agora confirmamos esta caracterización atendendo, por exemplo, ó seu peso no mundo académico: é unha liña de traballo transparente ou, no mellor dos casos, periférica na comunidade universitaria, do mesmo modo que o son as lesbianas na sociedade xeral. Ser lesbiana continúa sendo na actualidade unha opción non evidente. Mostra disto son a ocultación da natureza lesbiana de certos produtos culturais consagrados (Safo, a novela *Orlando*, de Virginia Woolf...); as reiteradas mostras de protagonismo artificial que se lles tenta dar a estas mulleres nas marchas *gay* para contrarrestar a ocultación da que gozan no resto do ano (o ano 2008 o *gay parade* tivo como lema *Pola visibilidade lesbiana* e o ano 2009, en Stockholmo, iniciouse coa marcha de varias parellas lesbianas conducindo as míticas Harley-Davidson); e o feito de que na mesa en que se inclúe esta intervención, dos tres relatorios, só este se centra na figura feminina homosexual. Son estas algunhas das fórmulas que reflicten unha anormalidade: a invisibilidade das lesbianas. Cando en Occidente se pensa en homosexualidade, faise en clave masculina; polo tanto, o lesbianismo é marxe dentro da marxe, e nun sistema coma o galego, onde existe un proceso de colonización no que producir dentro del é situarse xa na resistencia, se se fai dende un posicionamento homosexual lesbio sería unha resistencia en grao máximo.

De todos os xeitos, esta situación está a observar certas tímidas mudanzas, fundamentalmente nos medios de comunicación de masas, creadores de opinión fundamentais dende a segunda metade do século pasado. No ámbito estadounidense —aínda hoxe referente cultural para o mundo— encontramos unha serie emitida por televisión (e vía internet) con moito éxito, *The L word*, onde todas as protagonistas son mulleres lesbianas ou bisexuais, que representan unha gran diversidade de tipos humanos. A serie rompe coa tradicional división da sexualidade clásica, que defendía a clasificación das lesbianas segundo dous tipos (a masculina e a feminina) reprodutores dos roles heterosexuais (Havelock Ellis, 1897; Hesnard, 1927) e que nos dous últimos séculos foi moi criticada polas teóricas lesbianas (Aldarte, 2006). Tamén deste ámbito veñen a saída do armario de Batwoman e músicas como «I Kissed a Girl», de Kate Perry, quen, a pesar de describir un encontro inocente lesbio (só un bico), é consciente de transgredir a norma con esa acción.

Tamén encontramos cambios de hábitos nos medios do ámbito estatal. En series televisivas con moito éxito, como *Siete vidas* e *Cuestión de sexo*, cóntase con personaxes principais lesbianas, aínda que cunha consciencia e asunción dese lesbianismo de diferente grao (Diana, na primeira das series, e a parella formada por Sofía e Daniela, na segunda).

Finalmente, tamén no espazo galego se trata esta opción. No noso caso, como se está a converter en norma para Galicia, é na dimensión virtual onde maior acollida encontra o lesbianismo. A páxina de Maribolheras Precárias, <<http://maribolheras.blog.com/>>, e o *blog* de Nómadas Queer, <<http://queerlanden.blog.com>>, quizais sexan as referencias máis coñecidas a este respecto. De todas as maneiras, outros medios tamén se fixeron e fan eco desta opción vital. Na televisión, xorde a personaxe de Lourdes na serie *Unha vida por diante*, un produto de moito éxito dirixido para un público en principio reaccionario cara a estas condutas antinorma. Para encontrar referencias e achegas a esta temática nas publicacións periódicas, debemos ir á revista de pensamento feminista *A festa da Palabra Silenciada*, onde se recollen artigos («De invertidas, pervertidas e lesbianas»²) e creacións literarias («Hacia a superación dos xéneros»³) nas que o lesbianismo se converte no obxecto ou no contexto. Tamén encontramos diferentes textos de natureza literaria, aínda que un número escaso no noso sistema literario, como referiremos no seguinte apartado.

1.2. Literatura lesbia

En Galicia, fóra dos catro textos que centran este estudo, son moi poucos os que tratan a temática do lesbianismo, aínda que sexa dunha forma circunstancial (véxase apartado 6.2). Amais dos textos de M.^a Xosé Queizán, encontramos relatos de autoras que non son centrais no sistema, se atendemos ós instrumentos de canonización dos axentes culturais, e que se adoitan posicionar nunha produción investigadora, sexa na forma, no contido ou en ambos os dous aspectos. No entanto, independentemente do número, para podermos decidir se son obras que configuran unha literatura lesbia galega, é necesario establecer antes unha definición para este concepto.

Aínda que o concepto de literatura lesbia semella transparente, en realidade é unha falsa primeira impresión. Non existe unha definición pechada, senón unha serie de interrogantes sobre as súas fronteiras. Cuestións como: se só mulleres poden producir literatura lesbia; se só mulleres lesbianas; se é un requisito fundamental que apareza sexo explícito lesbio; se con que xorda unha relación de intimidade (amigable, sentimental, entre fronteiras...) entre mulleres nos permite falar dun produto de literatura lesbia son algunhas das que xorden ó redor da tentativa de definición de literatura lesbia e sobre as que aínda non hai acordo no eido teórico. De todos os xeitos, para empezar a cuestionarse ou delimitar un tipo de produción como pertencente á literatura lesbiana nun sistema concreto, é fundamental que o propio sistema acepte a existencia de tal; ou sexa, que conte cuns medios de produción e distribución propios para a literatura lesbia. Debe, por conseguinte, haber editoriais lesbianas (ou coleccións de literatura lesbia), librerías, produtoras/es que se adscriban a esta etiqueta e público consumidor dela para poder falar de que nun sistema exista un subcampo de produción restrinxida propio ou dependente do sexo non heterosexual.

² Ángela G. Alfarache Lorenzo (2003): «De invertidas, pervertidas e lesbianas». In *A Festa da Palabra Silenciada* 18, 71-77.

³ Rosa Cobo Bedía (1994): «Hacia a superación dos xéneros». In *A Festa da Palabra Silenciada* 10, 10-12.

En Galicia non encontramos este último nivel, non hai unha consciencia de produción e consumo de literatura lesbiana. No noso sistema literario escasean os textos que tratan o lesbianismo (considerado dende un amplo espectro), non existe unha editorial nin unha colección que se centre neste tipo de textos, nin librerías, nin premios, nin materias no mundo universitario que focalicen a súa investigación neles. A súa invisibilidade no noso campo xustifica que non poidamos falar propiamente de literatura lesbiana, senón dunha serie de textos máis ou menos soltos que tratan esta temática. Polo tanto, o que se pode facer é un achegamento a como é visto o lesbianismo nestes produtos culturais.

2. CORPUS DE TRABALLO

Para esta análise escollemos un repertorio pechado e reducido de textos, a partir de tres criterios de selección:

1. APARECER A TEMÁTICA DO LESBIANISMO

É o criterio base de partida, pero, ó mesmo tempo, é fortemente limitador. Isto débese a que a cantidade de textos, fundamentalmente narrativos, nos que xorde cun papel máis ou menos central, ou incluso periférico, o lesbianismo na literatura galega son moi poucos. De modo que xa este dato nos vai guiando para a posición periférica do lesbianismo na nosa literatura e, por extensión, na nosa sociedade.

2. CONSIDERAR AUTORAS E AUTORES

3. CONSIDERAR AUTORAS E AUTORES DE DIFERENTES GRUPOS DE IDADES

Os dous últimos parámetros buscan cubrir o maior abano de opcións ou posicións, de maneira que se teña un achegamento canto máis plural posible á visión global da comunidade galega, sen fortes condicionantes polo tipo de voz autorial.

Dende estes tres límites xustifícase a escollo dos textos que configuran a base deste traballo: TPFR, de M.^a Xosé Queizán; LBS, en *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; PRP, de Beatriz Dacosta e PPE, de Alberto Lema.

M.^a Xosé Queizán é a voz da narrativa galega en que todas aquelas temáticas relacionadas coa muller e os seus dereitos teñen unha maior presenza, ó igual que todas as posturas contrarias á norma heterosexual da conduta prototípica de Occidente (véxase a novela *A semellanza*). Deste modo, focalizando o lesbianismo, era necesario incluír no *corpus* de traballo un texto desta autora. TPFR é unha novela na que se desenvolven unha gran pluralidade de historias e relacións, cun nexos de unión entre elas: María, filla biolóxica de Charo Santoro e filla adoptiva de Lucía e Antonio. O asasinato desta personaxe adolescente provocará a interligazón física entre todos os personaxes que roldan o texto. A voz narradora é sempre

externa á historia, pero non por iso obxectiva. Colócase nun claro posicionamento profeminista e prolesbio; mais non só é este o seu postulado para a presentación dos personaxes e dos acontecementos, senón que o desenvolve ata un punto pedagóxico ó guiar á hipotética lectora, ou lector, na comprensión da realidade da que está sendo espectadora.

No mesmo grupo de idade e cun idéntico posicionamento no sistema literario galego —ou superior, se atendemos á súa consideración polos axentes canonizadores, sexa o sistema educativo, editorial ou universitario—, escollemos o relato LBS da obra *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Neste caso, un narrador interno —un profesor de orixe urbana— relátanos, como testemuña, os sucesos desenvolvidos nunha aldea da raia seca, Lobosandaus. Ó ser o narrador un personaxe do relato, está claro que todo o contado se fai dende un posicionamento ideolóxico particular: conservador ortodoxo coa tradición occidental.

Na novela PRP, de Beatriz Dacosta retornamos, outra volta, a unha voz narradora externa á historia e non obxectiva. Ela representa a voz feminina formante do grupo de idade máis novo de autoras do sistema galego. Dacosta, xunto con Alberto Lema (o cuarto autor seleccionado), alén de pertenceren a unha camada xeracional diferente á de Queizán e Ferrín, tamén ocupan unha posición distinta no sistema: os dous primeiros colócanse na periferia, tal e como se ve, por exemplo, na propia edición dos seus textos. Tanto PRP (Franka editora) coma PPE (colección «Illa Nova» de Galaxia) xorden en espazos editoriais propios de voces non consagradas, comunmente por razóns de idade. De todas as formas, o valor simbólico das dúas plataformas editoriais non é equivalente. No caso de Lema, a pesar de ser a súa primeira novela, accede a unha das coleccións da editorial con máis prestixio do campo literario galego. En confrontación, Dacosta é publicada por unha experiencia xa finita que era consciente do seu carácter alternativo ou periférico. A causa de que o primeiro poida acceder a Galaxia pode deberse a unha dobre explicación: por un lado, desta maneira a colección márcase como fresca e alternativa ó darlle cabida a temáticas de resistencia e, polo outro, o feito de que sexa unha voz masculina a que trate o lesbianismo descarga o texto de compromiso militante (un home non é nunca lesbiano), o que faría máis incómoda a escolla de asunto.

En PRP nárrese como unha muller (Paz) madura e de relativo éxito social e laboral non dá encontrado o seu lugar. A novela relata a procura dese espazo persoal que coincide cun proceso de autoconsciencia do lesbianismo da protagonista. A voz narradora é externa e con claras afinidades cara ás personaxes femininas, fundamentalmente aquelas que rompen cos moldes convencionais da nosa comunidade.

En PPE (Alberto Lema), as historias e as voces narradoras pluralízanse. O punto de interligazón entre todos os personaxes é unha serie de asasinatos que se levan a cabo como un ataque ó patriarcado máis violento contra a muller, representado nos homes que consomen sexo de pago. Aínda que as narradoras (e narradores) e os seus posicionamentos ideolóxicos son plurais, non todas contan coa mesma lexitimidade: son personaxes cun maior peso moral e tratados con máis deferencia (por exemplo, cedéndolle a voz en máis casos) aqueles cun posicionamento ideolóxico que podemos definir, dunha forma amplamente englobadora, como progresista (Luz, Ada, o inspector Pereira e Diana Freire).

3. ANÁLISE: VISIÓN SEMIÓTICA

Para achegarnos ó tratamento do lesbianismo nos textos que configuran o *corpus* de traballo utilizamos un cadro semiótico base (Greimas, 1976) elaborado a partir de catro conceptos fundamentais para o obxecto de estudo desta investigación e que se encontran en clara tensión: lesbianismo e muller, por unha banda, en confrontación a heterossexualidade e home. A interligazón entre os catro revelaranos o tratamento do lesbianismo que se fai nos textos e, polo tanto, funcionarán como espello de como é visto na sociedade galega, xa que é este o noso obxectivo e non a análise literaria dos textos en si.

LESBIANISMO	(TENSIÓN)	HETEROSSEXUALIDADE
(POSICIÓN)	(CONFLITO)	(POSICIÓN)
MULLER	(TENSIÓN)	HOME

3.1. Lesbianismo e heterossexualidade: tensión

Nos catro textos a heterossexualidade representa o normal, a conduta esperada e que non precisa explicación. Pola contra, a visión que se mostra do lesbianismo xa non é única. En realidade, encontramos unha oposición entre LBS e os outros tres títulos.

Para os personaxes de LBS, singularmente a voz narradora que funciona de peneira ideolóxica da historia, o lesbianismo é unha imposibilidade; éo de tal grao que se busca unha explicación irracional, fóra dos parámetros da lóxica, para xustificar esa conduta. Deciden que non están ante un «arrebato lesbio» (LBS: 34), senón ante a posesión por parte dun espírito masculino dun corpo aberto feminino que el utiliza para tomar a muller dos seus desexos en vida. Por conseguinte, aínda que no plano material é unha relación lesbiana, no plano espiritual é heterossexual, está dentro da norma.

Nos outros tres textos a visión que se presenta do lesbianismo pluralízase, xa non é unha única, senón que se regula polo xénero do personaxe e, se son mulleres, polo tipo ideolóxico desta.

3.2. Lesbianismo e home: conflito

A diversidade tipolóxica dos homes nestes textos é moito menor cá das mulleres. Todos os personaxes masculinos son heterossexuais e ou teñen unha visión negativa da homosexualidade feminina ou simplemente é unha posibilidade inimaxinable para eles, aínda estando a convivir dunha forma máis ou menos próxima con mulleres lesbias.

En LBS o lesbianismo é visto polos homes e pola comunidade en xeral coma un vicio, unha anormalidade que xustifican con calquera razón —lóxica ou non— que non traia consigo a consideración do lesbio como unha opción máis.

Para TPFR e PPE o xénero masculino define lesbianismo como un comportamento anormal (o comisario e a banda de narcotraficantes en PPE) ou unha eiva incomprendible (o xefe,

novamente, da policía e os homes que poboan o mundo de Teis en TPFR). En PRP ningún personaxe masculino reflexiona sobre o lesbianismo, porque nin sequera se lles ocorre que as mulleres que os rodean poidan pensar ou escoller esa opción; deste modo, nesta novela evidénciase a invisibilidade do lesbio para unha boa parte da sociedade galega.

3.3. Heterosexualidade e home: posición

Como dixemos, esta é a norma de conduta para os homes dos catro textos. Son obras narrativas onde non xorde ningún personaxe masculino homosexual, transexual nin bisexual. Hai unha menor profundidade no tratamento das figuras deste sexo, xa que as protagonistas (coa excepción de LBS) son as mulleres. Os homes son simples figuras de fondo sen profundidade os máis deles. ¿Traduce isto unha incompatibilidade entre lesbianismo e darlle voz ó home ou é un requisito para centrar a atención nos personaxes femininos? Semella que por aí se encontra a resposta. No seguinte libro de relatos de Alberto Lema, *Sidecar*, no primeiro deles (que ocupa a maior parte do libro), titulado «A fame fatal», os personaxes masculinos de PPE pasan do seu rol secundario a protagonistas, polo que se lles cede voz de modo que nos podemos achegar a un comportamento máis plural dentro deste xénero.

3.4. Lesbianismo e muller: posición

As personaxes femininas son centrais nestes catro textos. Esa centralidade tradúcese nun afondamento neste xénero que trae consigo o recoñecemento da súa diversidade. Deste modo, a visión da muller sobre lesbianismo e heterosexualidade e a súa relación co home non son únicos, van depender do tipo de posicionamento ideolóxico e da propia opción sexual de cada unha delas.

A respecto do lesbianismo, establecemos cinco tipos de mulleres, os cales, á súa vez, determinarán a visión feminina da heterosexualidade e o rol que desenvolve a muller en relación ós personaxes masculinos. Os tipos son:

1. Proceso de autoconstrución.

Son mulleres que descubren a súa sexualidade lesbiana a través doutra muller cun lesbianismo plenamente asumido. Coñecen as consecuencias de optar por esa vía e a historia, en gran medida, céntrase (Paz en PRP) ou trata (Charo Santoro e a muller policía en TPFR e Ada en PPE) o proceso de evolución e superación dos medos e das mudanzas que trae consigo o cambio, a contranorma que significa o lesbianismo.

Estas personaxes, ata o momento en que asumen a súa nova condición na sociedade, están máis influenciadas polas presións da comunidade do que as súas parellas con plena conciencia lesbiana. Ademais, todas elas teñen un pasado (máis ou menos recente) heterosexual, que non ven necesariamente como negativo ou absolutamente negativo.

2. Consciencia lesbiana.

Petra (TPFR), Delia (PRP) e Luz (PPE) son tres personaxes moi paralelas entre si. Asumen o rol de lesbianas, pero dende a militancia. Non admiten ambigüidades, xa que coñecen a marxinalidade da súa opción vital. A súa implicación ten como prisma a consecu-

ción e defensa dos dereitos das mulleres que optan por unha vida diferente á que lles correspondería segundo os valores patriarcais; nuns casos, centrándose nas lesbianas (Petra e Delia) e noutros, nas mulleres en xeral (Luz). No primeiro dos casos, encontramos a Petra, que asume retos sociais polo simple feito de seren antisistema, aínda que en realidade non estea preparada para esa asunción: ela é quen decide formar unha familia tradicional dende unha parella lesbiana, e ela será tamén a razón de que esa unidade familiar se rompa.

3. Prolongación dos roles heterosexuais: lesbiana masculina.

Como xa se indicou noutro momento deste traballo, a sexoloxía tradicional fai unha división de tipos de lesbianas, atendendo ós roles heterosexuais. Deste modo, fálase de lesbianas masculinas, cun carácter dominante, que asumen todas as características que, segundo as convencións culturais occidentais, son propias dos homes; e, en confrontación, lesbianas femininas, mulleres submisas que se deixan dominar polo seu par oposto, neste caso as lesbiana masculinas. Este tipo de mulleres só xorden nos textos dos autores de máis idade, ou sexa, nos de Queizán e Ferrín: o tipo lesbiana masculina toma forma nas figuras de Petra (TPFR) e Obdulia (LBS).

A voz narradora de TPFR fai constantes referencias ó aspecto masculino de Petra. A súa beleza contra os moldes prototípicos femininos, a súa arrogancia, o seu vocabulario de mal gusto, o ver os homes como compañeiros iguais, pero nunca sexuais... son constantes referencias no texto. É deseñada como o prototipo do modelo lesbiana masculina: unha muller por xénero, pero un home por conduta. Esta adscripción tan indiscutible ó xénero que lle debería corresponder, atendendo ós seus gustos sexuais, semella xustificable pola orixe social da personaxe: pertence á clase baixa traballadora da barriada viguesa de Teis. Aquí as convencións tradicionais son férreas, polo que parece xustificable que a muller que se comporta dunha forma anatural, para o seu xénero, asuma o papel que sería máis apropiado; isto é, dado que ós homes lles gustan as mulleres, se che gustan as mulleres, debes ser un home. Este tipo de prexuízos sociolóxicos son bastante recorrentes ó longo da novela; por exemplo, o único personaxe que se expresa con gheada, como marca dunha lingua máis coloquial, é o inspector de policía, un individuo tamén das camadas sociais máis baixas por orixe e cun comportamento sociolóxico conservador e nalgúns momentos case irracional. De modo que non é a primeira vez que se usa un cliché social para determinar a conduta dun personaxe. Así se explica que a única personaxe que responde ó modelo tradicional de *marimacho* —correspondéndose co *maroutallo* da época Nós, en Otero (1928), e a Evanxelina de Blanco Amor (1972)— se adscriba a unha camada social baixa.

En LBS o comportamento masculino de Obdulia é a ferramenta utilizada para xustificar algo que para a voz narradora e para a comunidade é inxustificable: o encontro sexual lesbiano. Obdulia, dende o momento en que é *posuída* polo espírito do capador, pasa a comportarse coma un home: viste, fala, bebe... coma un home.

Nas obras dos autores máis novos non xorden este tipo de figuras, xa que as relacións lesbianas establécense entre membros en pé de igualdade; polo tanto o grupo de idade é un trazo regulador para a presenza deste tipo de lesbianismo.

4. Dende a heterosexualidade, o descoñecemento.

Son mulleres heterosexuais para as que o lesbianismo non é unha opción. Actúan como se non soubesen desa realidade ou, cando menos, como se no seu mundo próximo non se puidese dar. Adoitan aparecer descritas como mulleres etéreas, que viven nunha burbulla de irrealidade e perfección artificial.

O mellor exemplo deste tipo é Lucía en TPFR. Ten dotes artísticos (toca o piano cunha perfección sublime), conta cun carácter moi sensible á beleza, naceu e viviu no seo dunha familia burguesa acomodada e, finalmente, posúe unha fermosura anxelical e unha elegancia natural; pero, o seu descoñecemento da realidade é tal que convive cun caso de violencia machista cara á súa filla e nin o percibe. A súa conduta é dun irrealismo infantil, faina allea ó decorrer do mundo en que, en teoría, ela tamén está.

En LBS, a equivalencia máis próxima a Lucía é Dorinda. A súa beleza singularizadora no conxunto da aldea sublímaa ós ollos do narrador. Ten un comportamento modelo de muller obxecto: a súa pose submisiva e obediente cara ós desexos do macho, neste caso o capador, fai que ela non teña criterio e pase a estar en todo momento ó dispor do home que a require, tome este a forma física que tome.

5. Dende a heterosexualidade, visión positiva do lesbianismo.

Continuamos ante personaxes heterosexuais ou para as que a heterosexualidade é tamén unha opción, pero que son conscientes de todas as posibilidades do mundo que as rodea. Coñecen o lesbianismo e respéctano como unha posibilidade máis, aínda que non sexa a súa ou a única das súas escollas.

Reme, en TPFR, é un modelo absoluto deste tipo de muller. Feminista militante convive co lesbianismo como modo de vida, aínda que non é o seu. Ela, como coñecedora desa opción, respéctaa como unha normalidade máis.

En PRP e PPE, as personaxes cunha relativa importancia que nos permita coñecer algo mellor o seu modo de ver o mundo e que se adscriban á heterosexualidade, comunmente non teñen esta como a súa única escolla, senón que optan pola bisexualidade. Adela, a primeira muller pola que se sente atraída Paz, en PRP, e Diana, en PPE, son mulleres que representan a liberdade feminina absoluta: independentes economicamente —no caso de Diana, con éxito profesional—, tamén teñen un control absoluto sobre o seu corpo abríndose a todas as oportunidades.

A bisexualidade feminina só xorde nas novelas de autoras e autores novos. Á muller, aínda na actualidade, permítenselle menos transgresións na súa conduta social e sexual; a bisexualidade feminina é unha ruptura absoluta cos modelos tradicionais. Polo tanto, a súa presentación como un feito de completa normalidade non é posible para aqueles grupos xeracionais que viviron nun contexto socio-político fortemente represor coma o franquista, de modo que, se xurdise esta opción vital-sexual, dificilmente sería tratada como un feito común ou que non crea alleamento, como acontece nos textos de creadoras e creadores máis novos, xa que significa unha liberdade só asumible cos cambios sociais experimentados nas últimas décadas.

3.5. Muller e heterosexualidade: conflito

O tipo de muller que presentamos no apartado anterior volve determinar esta interrelación, é dicir, como observa a personaxe feminina a heterosexualidade.

Encontramos tres perspectivas:

1. A norma
2. O pasado
3. Unha opción máis

Para as mulleres do tipo 4 (heterosexuais descoñecedoras doutras opcións posibles), a heterosexualidade representa a norma, a conduta esperable e practicamente única, fronte ás dos tipos 2, 3 e 5, onde esta é unha opción entre todas as posibles. Nuns casos representa o modo propio de vivir a sexualidade (muller tipo 5) e noutros, o alleo (tipos 2 e 3), pero sempre é visto como unha maneira máis entre outras.

No caso das mulleres que se encontran na descuberta do lesbianismo máis recente (nalgúns casos incluso é un proceso aínda en construción), a heterosexualidade representa o pasado. Non por iso ten que significar un feito negativo necesariamente; máis ben o que domina pode ser a decepción (Ada e as súas parellas masculinas anteriores a Luz), pero non o odio (Paz e os seus amantes).

3.6. Muller e home: tensión

Como os homes destes catro textos representan todos unha mesma tipoloxía sexual (individuos heterosexuais cunha visión simplista da sexualidade), quen determinará o tipo de relación que se dea entre os dous xéneros será a muller que entre en interacción.

Se estamos ante unha muller heterosexual do tipo 4, o home pasa a ser o centro do seu mundo. Elas desenvolven os roles que lles destina a sociedade tradicional de muller-nai (Lucía en TPFR) ou de muller-obxecto (Dorinda en LBS) e perden a súa propia identidade, esfúmanse a prol do(s) outro(s).

A heterosexualidade do tipo 5 determina unha relación entre xéneros radicalmente distinta: funcionan como compañeiros en pé de igualdade, sen elementos en posición de superioridade e o seu correspondente de inferioridade (Reme). Noutros casos, a relación é exclusivamente sexual, o abandono dos moldes tradicionais permítelle á muller actuar con igualdade xunto ó home no seu interese exclusivamente físico (Paz e os seus amantes e Diana e o inspector).

Movéndonos no lesbianismo, a muller pode ver no home un compañeiro sen carga sexual (Petra e os seus amigos e a muller policía en TPFR cos colegas do traballo), un simple interlocutor asexual; pero tamén pode representar o patriarcado opresor, aínda que nunca a totalidade dos homes, senón certos elementos deste colectivo. Deste modo, mentres Paz ve nos seus amantes uns compañeiros físicos, no seu esposo represéntase toda a opresión e represión das convencións sociais. Por outro lado, en PPE, Luz e Ada entenden que os consumidores de sexo de pago son a reflexión máis evidente do machismo na sociedade e focalizan neles a súa carraxe e o seu odio.

4. PREGUNTAS FINAIS

Unha vez revisado o cadro semiótico, sentímonos na capacidade de responder certas preguntas que nos formulamos no comezo deste traballo:

Ata que punto a idade das/os autoras/es inflúe na perspectiva do lesbianismo?

Ata que punto o sexo é outro condicionante?

Teñen todas e todos o mesmo interese en crear unha literatura lesbiana?

Que reflicten da visión que se ten do lesbianismo na sociedade galega?

Mentres a idade é un claro condicionante no modo de atender o lesbianismo, o sexo xa non o é tanto. As voces máis novas, Dacosta e Lema, diferéncianse de Queizán e Ferrín en puntos cruciais que revelan unha forma moi diferente de achegarse á temática. Neles non xorden mulleres heterosexuais etéreas que viven nun mundo á parte do real; nin tampouco entenden as relacións lesbianas como posibles imaxes do molde heterosexual. Pola contra, falan abertamente de bisexualidade e as relacións lesbianas son vistas cunha maior naturalidade. Isto é froito de que o contexto social e os valores da comunidade galega mudaron radicalmente nas últimas décadas. O fondo segue sendo o mesmo de conservador, pero as alternativas teñen cada vez máis cabida ou hai un pensamento politicamente correcto que potencia o respecto á escolla diversa. Só as xeracións galegas máis novas que non viviron o franquismo poden actuar desta maneira, xa que as anteriores teñen o pouso ou inconsciente (Lacan, 1957-8) desa época de represión.

Desta maneira, entre Ferrín e Lema a visión que se dá do lesbianismo é profundamente diferente. O primeiro, co seu texto, representa a visión que se ten nunha sociedade profundamente conservadora (non só a rural, porque hai que recordar que a voz narradora é un mestre urbanita) que só consegue explicar este acontecemento engadíndolle unha xustificación metafísica, de ultramundo, que nos pode recordar á carnavalización de Bakhtin (1989). En Lema, dende os paratextos, encontramos un claro manifesto de intencións de presentar unha obra onde a reflexión feminista e o posicionamento prolesbio dominan. A novela comeza cunha cita do *Manifesto Ciborg* de Donna Haraway, e está inzada de reflexións e discusións sobre a situación da muller na sociedade actual, denunciando o claro espellismo de equivalencia de dereitos.

Cando a autora é unha muller, a idade mantén as diferenzas no tratamento do lesbianismo. A voz narradora da novela de Queizán sitúase, como na de Dacosta, afín ó pensamento feminista e prolesbio; pero a distinción entre elas está no ton. Na primeira domina o didactismo, a narradora guía o proceso de lectura e de comprensión do que se está a ler, marca cales son as condutas mellores e advirte dos comportamentos sexistas, por se non quedan claros. En Dacosta ese afán didáctico desaparece.

Cando facemos, dentro dun mesmo grupo de idade, a oposición das obras polo sexo da figura creadora, encontrámonos que nos máis novos non hai diverxencias que poidan estar xustificadas por esta razón. Pola contra, entre Ferrín e Queizán hai un gran afastamento no tratamento desta temática. Queizán, no conxunto da súa obra, escolle o feminismo e todos os

temas relacionados cos dereitos das mulleres, tamén das que escollen unha opción sexual diferente da normativa, para situarse no sistema literario galego. É consciente do oco que existe na nosa literatura a este respecto e ela ten como obxectivo ocupalo. De aí se explica o ton pedagóxico da voz narradora e a reiteración temática no conxunto da súa produción.

Para Ferrín, a descrición dese encontro lesbio é accidental no seu texto (e único no conxunto da súa obra), xa que só o utiliza para enmarcar o carácter opresivo e abafante do ambiente.

E isto sérvenos para interligar a seguinte idea: a intención de crear unha literatura lesbia galega. A única voz na que se pode albiscar ou coa que se pode argumentar que ten esta intención é Queizán. Non é un tema exclusivo de TPFRR, senón que xorde en distinto grao ó longo da súa produción, tanto poética coma narrativa. Nas restantes voces non hai tal obxectivo. Como xa dixemos, en Ferrín non volve xurdir esta temática noutros textos seus, e cos máis novos encontramos no conxunto da súa obra outra tendencia ben diferente. Tanto a Dacosta coma a Lema impórtanlles os temas marxinais, darlles voz e presenza a situacións non protagonistas dos xornais e da sociedade. Na última novela de cada un deles volven apostar pola marxinalidade. En *Contrato social*, de Dacosta, trátase a precariedade laboral na comarca de Vigo, de modo que os protagonistas son o *lumpen* laboral da nosa sociedade actual. Con Lema, en *Sidecar*, toman voz os personaxes masculinos apenas mencionados en PPE e fai unha declaración de defensa da beleza feminina non estereotipada. Os primeiros son rapaces sen futuro, perdedores natos que non dan encontrado o seu camiño e o segundo fai unha clara aposta pola contranorma, neste caso, nos modelos de ideal físico da muller.

De novo situámonos na periferia da sociedade, nos elementos que non saen nos xornais, agás na sección de sucesos ou curiosidades, pero que na obra destes dous autores teñen o pleno protagonismo que na comunidade non se lles dá. Por conseguinte, se lles interesa o lesbianismo é pola súa marxinalidade; porque, e como resposta á última cuestión que formulamos, tal e como se reflicte nos catro textos, na nosa comunidade esta é unha opción antisistema. Son obras que deixan ver a invisibilidade do lesbianismo na sociedade galega (o esposo de Paz nin se cuestiona que a súa muller se estea a descubrir ó lesbianismo, por exemplo), a lesbofobia (os comentarios da policía tanto en PPE coma en TPFRR) e a autolesbofobia que as mulleres que descubren a súa sexualidade teñen que tentar superar para seren felices. Con todo, tamén reflicte o cambio xeracional que está a haber de valores: cómo as camadas máis novas están a mudar a súa consideración das formas de vivir a sexualidade que van contra a norma tradicional; están a ver como posibilidades escollas que para idades máis vellas ou non existen, ou son un defecto por superar, ou un posicionamento que esixe unha forte implicación e carácter de loita.

Por último, como engadido, estes textos, alén de denunciar unha situación de inxustiza social, tamén son unha ferramenta para o cambio. Un tema existe se se fala del, por iso produtos culturais coma estas novelas e as series televisadas citadas máis arriba son elementos fundamentais para darlle presenza na comunidade a estas outras realidades, para facer reflexionar sobre o seu *status* e para iniciar o cambio necesario cara a unha sociedade máis xusta onde cada quen poida ser de tantas formas como queira.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. *Corpus de traballo*

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1991): «Lobosandaus». In Xosé Luís Méndez Ferrín, *Arraianos*. Vigo: Xerais.

Queizán, M.^a Xosé (2000): *Ten o seu punto a fresca rosa*. Vigo: Xerais.

Dacosta Molanes, Beatriz (2002): *Precipicios*. Vigo: Francka.

Lema, Alberto (2008): *Unha puta percorre Europa*. Vigo: Galaxia.

2. Outras obras literarias da narrativa galega con tratamento do lesbianismo

Queizán, M.^a Xosé (1990): «As botas». In Xela Arias *et al.*, *Contos eróticos: elas*. Vigo: Xerais.

Feliú, Belén (1998): «No camerino de... Hoxe: Espiderwoman». In Belén Feliu, *Da Guenizah*. A Coruña: Espiral Maior.

Lorenzo González, Manuel (2001): «Unha aventura». In M. Lourenzo González, *Infidelidades*. Santiago de Compostela: Positivas.

Paz, Begoña (2004): «Ela, eu, todos os demais». In Begoña Paz, *A ferida*. Vigo: Xerais.

Zúñiga, Iolanda (2007): «...Presto vivace...». In Iolanda Zúñiga, *Vidas post-it*. Vigo: Xerais.

3. Bibliografía

Adán, Carme (2002): *Epistemoloxía, natureza e xénero*. Santiago de Compostela: USC, Facultade de Filosofía.

— (2003): «A horta do Dr. Frankenstein», *Andaina* 35, 26-29.

Aldarte (2006a): «Historia del lesbianismo en Occidente». In *Ciudad de mujeres*. <<http://www.ciudaddemujeres.com>>, [06/05/06].

— (2006b): «Visibilidad y lesbianismo». In *Ciudad de mujeres*. <<http://www.ciudaddemujeres.com>>, [06/06/06].

Anónimo (1990): «Read this Queers». In *Queeremos saber*. <<http://www.hartza.com/queernation.pdf>>, [08/04/09].

Bakhtin, Mijail (1989): *Teoría y estética de la novela: trabajos de investigación*. Madrid: Tauros.

Beauvoir, Simone de (2008): *O segundo sexo*, vol. II. Lisboa: Quetzal.

Biswas, Andrea (2004): *La tercera ola feminista: cuando la diversidad, las particularidades y las diferencias son lo que cuentan*. Vancouver (Canadá): Tiempo Cariátide.

Blanco Amor, Eduardo (1972): *Xente ao lonxe*. Vigo: Galaxia.

Butler, Judith (1990): *Gender trouble: feminism and the subversion of identity*. New York, London: Routledge.

Ciudad de Mujeres (2004): «Aproximación al lesbianismo a través de la literatura». In *Ciudad de mujeres*. <<http://www.ciudaddemujeres.com>>, [28/06/04].

- Dihma, Mimora (2008): «Albania, berce das últimas mulleres-home». In *Galicia Hoxe*, 11 novembro 2008, 16.
- Ebert, Teresa (1996): *Ludic Feminism and After-Posmodernism, Desire and Labor in Late Capitalism*. Michigan: University of Michigan Press.
- Farfá Morales (2008): *Análisis de la representación de la lesbiana en el capítulo II de la serie televisiva The L word y la reflexión de las lesbianas feministas en Lima*. Lima: Pontificia Universidad Católica del Perú.
- Foucault, Michel (1979): «Nacimiento de la biopolítica», *Archipiélago* 30, 119-124.
- García, Toni (2009): «Batwoman sale del armario». In *El País*, 10 marzo 09, 49.
- Gimeno, Beatriz (2008): «Xénero, sexo, sexualidade e orientación sexual», *Andaina* 49, 32-34.
- Greimas, Algirdas Julien (1976): *Maupassant. La Semiotique du texte: exercices pratiques*. París: Du Seuil.
- Haraway, Donna J. (1991): «A Cyborg Manifesto: Science, Technology, and Socialist-Feminism in the Late Twentieth Century». In Donna J. Haraway, *Simians, Cyborgs and Women: The Reinvention of Nature*. New York: Routledge. 149-181.
- Havelock Ellis & J. A. Symonds (1897): *Sexual Inversion*. In *Studies in the Psychology of the sex*. <<http://www.gutenberg.org>>, [12/08/09].
- Helford, Elyce (2005): «Tank Girl, Postfeminist Media Manifest». In *Electronic Book Review*. <<http://www.electronicbookreview.com>>, [01/24/05].
- Hernández Ojea, Carmen (2003): «¿Qué es eso de la teoría Queer?». In *Feminismos, Géneros y Identidades*. <<http://webs.Uvigo.es/pmayobre/articulos/eninternet.htm#teoriaqueer>>, [08/04/09].
- Hesnard, Angelo Louis Marie (1927). *L'individu et le sexe. Psychologie du narcissisme*. París: Stock.
- Lacan, Jacques (1957-58): *Le séminaire, Livre V: Les formations de l'inconscient*. París: Seuil.
- Lo, Malinda (2009): «Notes and Queerie: Change comes to *The L Word*». In *Afterellen*. <<http://www.afterellen.com>>, [23/02/09].
- Otero Pedrayo, Ramón (1928): «Os señores da terra». In Ramón Otero Pedrayo, *Os Camiños da vida*. A Coruña: Nós.
- Pessah, Mariana (2006): «Una visión sobre las categorías sexo-políticas». In *Ciudad de mujeres*. <<http://www.ciudaddemujeres.com>>, [05/05/06].
- Suárez Briones, Beatriz (2005): «Queerizando a autoridade: da morte do *autor* á súa resurrección posmoderna», *Grial* 165, 18-25.
- Vega, Cristina (2003): «Tránsitos feministas». In *Brumario 2*. <<http://www.sindominio.net/karakola/transitos.htm>>, [08/04/09].
- Vila, Fefa (2008): «Genealogías del lesbianismo: historias de mujeres y literatura». In *Historias lesbianas y literatura moderna*. <<http://www.hartza.com/orlando.html>>, [02/09/08].